

Xoves, 15 de outubro de 2020

Núm. 199

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GROVE, O

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA
INSCRICIÓN NAS PROBAS SELECTIVAS DE PERSOAL*

EDICTO

O Pleno deste Concello, en sesión celebrada o 05.10.2020, acordou a aprobación provisional da aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola inscrición nas probas selectivas de persoal do concello do Grove.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Se transcorrido dito prazo non se presentaran reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

O Alcalde: Jose Cacabelos Rico.

